



nota de prensa

## **Veciñanza lamenta a incapacidade do Goberno Municipal para executar os seus anuncios: onde está a nova sinalización?**

*Dez meses despois de anunciar un investimento de 60.000 euros para a renovación da sinalización, Cuntis segue sen contar cun só indicador novo.*

Cuntis, 28 de febreiro de 2018. Corría o mes de maio do ano pasado, 2017, cando o Goberno Municipal anunciaba o proxecto do que era unha das principais demandas de Veciñanza: a renovación da sinalización de Cuntis, especialmente dos núcleos do rural. Se ben non dispuña dun estudo toponímico, tal e como recollía a proposta de Veciñanza, o Alcalde Manuel Campos anunciaba un investimento de 60.000 euros. Esta era unha das principais reivindicacións de Veciñanza, que recollía unha demanda veciñal case unánime en todas as aldeas.

**Cando se vai cumprir un ano daquel anuncio, non foi renovado nin un só sinal dos que se anunciaban. É a dinámica na que se instalou este Goberno: vivir da propaganda e dos grandes anuncios cun nivel de execución real máis ben escaso.** Veciñanza defendeu este proxecto xa nos Orzamentos do pasado ano, sendo aceptado polo Alcalde en consecuencia coa necesidade que representa. Se ben este caso non é o único, si é un dos máis representativos. O Bipartito asume unha proposta de Veciñanza, anúnciada *'a bombo e platillo'* e pasan os meses **sen execución do proxecto nin explicacións de ningún tipo.** Poderíanse citar máis casos, como a inacción ante o deterioro da atención sanitaria ou a perda da subvención para o impulso do Polígono da Ran.

O Bipartito de Cuntis demostra que non é capaz de ir máis alá de ser unha mera sucursal da Deputación de Pontevedra, que xestiona as iniciativas do ente provincial con maior ou menor grao de acerto, pero sen propoñer solucións para os problemas estruturais do noso municipio.

